



INSTITUTO GALEGO DE  
ESTADÍSTICA

# INFORME SOBRE OS INDICADORES DE ACTIVIDADE E DE VEB DO SECTOR SERVIZOS

**Novembro 2017**

Santiago de Compostela, 22 de xaneiro de 2018

**Instituto Galego de Estatística**  
Complexo Administrativo San Lázaro s/n  
15703 Santiago de Compostela (A Coruña)  
Contacto: <http://www.ige.eu/web/peticioninfo.jsp?>  
Teléfono información: 981.54.15.89 (de 9:00 a 14:00 horas)  
FAX: 981.54.13.23  
Páxina Web : <http://www.ige.eu>

## Indicador de actividade e de VEB do sector servizos. Novembro 2017


- O indicador de actividade no sector servizos rexistra no mes de novembro en Galicia un aumento do 8,5% respecto ao mesmo mes do ano anterior, 2,7 puntos superior ao do mes de outubro. A nivel nacional, a cifra de negocios no sector servizos aumenta o 7,7%, 1,8 puntos máis que no mes anterior.
- O Comercio aumenta a súa facturación o 9,4% e os Outros servizos o 5,5%.
- O persoal ocupado no sector servizos aumenta un 2,6% en Galicia, unha décima máis que en España.
- En todas as comunidades autónomas aumenta a cifra de negocios no mes de novembro. Galicia é a cuarta comunidade con maior crecemento.
- En todas as comunidades crece a ocupación. Galicia é a novena comunidade co maior incremento do emprego.



## 1. Cifra de negocios

### 1.1 Índice xeral e por sectores de actividade

O indicador de actividade no sector servizos rexistra no mes de novembro en Galicia un crecemento do 8,5% respecto ao mesmo mes do ano anterior, 2,7 puntos máis que no mes de outubro. O índice para España amosa un aumento do 7,7% respecto ao mes de novembro de 2016, 1,8 puntos superior á taxa de variación rexistrada no mes anterior.



O crecemento experimentado pola cifra de negocios débese principalmente ao *Comercio*, que aumenta o 9,4% e achega 7,2 puntos a taxa de variación do índice xeral; os *Outros servizos* aumentan a súa facturación o 5,5% e achegan 1,3 puntos a taxa de variación do índice xeral.

En España o *Comercio* incrementa a súa cifra de negocios o 8,0%, 1,4 puntos menos que en Galicia e os *Outros servizos* aumentan o 7,0%, superando en 1,5 puntos a taxa galega.

O incremento da facturación no *Comercio* ven motivado polo *Comercio por xunto*, que aumenta o 13,1% e achega 6,8 puntos a taxa de variación do índice xeral. Pola contra, a *Venta e reparación de vehículos* diminúe a súa facturación, -2,3%.

A nivel nacional, tamén é o *Comercio por xunto* o que máis repercute no incremento do índice xeral, 3,3 puntos, cun crecemento do 8,7%; a *Venta e reparación de vehículos* aumenta o 12,8% e supera en máis de 15 puntos a taxa galega.

Os *Outros servizos* aumentan a cifra de negocios en Galicia o 5,5%; o sector que máis contribúe a este incremento é o *Transporte*, cunha taxa do 7,9%. O único sector que diminúe a súa facturación son as *Actividades profesionais, científicas e técnicas*, -2,5%.

En España, os *Outros servizos* aumentan o 7,0%, sendo o *Transporte* e as *Actividades profesionais, científicas e técnicas* os sectores que máis repercuten neste crecemento, 0,8 e 0,9 puntos, con taxas do 8,1% e 11,9% respectivamente.

No que vai do ano, o índice de cifra de negocios crece un 8,4% en Galicia e un 6,5% en España. O sector con maior repercusión no incremento do índice xeral, tanto en Galicia como en España, é o *Comercio por xunto*, con taxas do 12,9% e 7,9% respectivamente.

Todos os sectores rexistran, no que vai de ano, taxas positivas en Galicia agás a *Venta e reparación de vehículos de motor*, que diminúe un 4,6%. A nivel nacional, todos os sectores rexistran taxas positivas.

## 1.2 Índice de cifra de negocios ponderando por VEB


Utilizando como ponderación o VEB en lugar da cifra de negocios, o índice aumenta o 7,1% no mes de novembro. Este incremento débese principalmente ao *Comercio*, que crece o 8,8% e achega 3,7 puntos á taxa de variación do índice xeral, e ao *Transporte* que, cun incremento do 13,7%, achega 2,1 puntos. En senso contrario, as *Actividades profesionais, científicas e técnicas* diminúen o 3,4%.

## 1.3 Datos corrixidos de calendario

O efecto calendario determina as diferenzas que se producen nunha variable pola diferente estrutura que teñen os meses (tanto en número de días como na composición de días laborables e festivos).

Se se elimina este efecto, o índice ponderado por cifra de negocios aumenta o 8,5% respecto ao mesmo mes do ano anterior e o índice ponderado por VEB o 7,1%.

O seguinte gráfico amosa a evolución do indicador de actividade do sector servizos corrixido de calendario segundo o método de ponderación.



#### 1.4. Indicadores por comunidades autónomas


No mes de novembro en todas as comunidades autónomas aumenta a cifra de negocios.

Os maiores aumentos danse en Madrid (9,7%) e Illes Balears (9,4%). As comunidades con menores crecementos son Castilla y León (4,2%) e Extremadura (5,6%).

No que vai de ano, Navarra (9,8%) e Galicia e Madrid (ambas as dúas 8,4%) rexistran os maiores incrementos, mentres que Castilla y León (3,3%) e Extremadura (3,5%) amosan os menores crecementos.

## Índices de cifra de negocios. Novembro 2017


Taxa de variación en %



## 2. Persoal ocupado

### 2.1 Índice xeral e por sectores de actividade

O persoal ocupado aumenta en Galicia un 2,6% respecto ao mes de novembro de 2016, unha décima máis que en España.



O persoal ocupado aumenta un 1,7% no *Comercio* e un 3,2% nos *Outros servizos*. Nas actividades comerciais, o *Comercio por xunto* achega cinco décimas a taxa de variación do índice xeral, cun incremento do 3,6%, e o *Comercio polo miúdo* tres décimas ao aumentar o persoal ocupado un 1,1%. Pola contra, na *Venta e reparación de vehículos* diminúe a ocupación (-0,2%).

Nos *Outros servizos* destaca o incremento do 4,4% nas *Actividades administrativas e servizos auxiliares* e do 3,8% na *Hostalería*, co que achegan seis décimas cada unha a taxa de variación do índice xeral.

En España, o persoal ocupado aumenta en todos os sectores. O maior incremento dáse nas *Actividades administrativas e servizos auxiliares* (4,3%).

No que vai de ano, o persoal ocupado aumenta en Galicia o 2,3% e en España o 2,6%. O *Comercio por xunto*, a *Hostalería* e as *Actividades administrativas e servizos auxiliares* son os sectores con maior crecemento en Galicia.


## **2.2. Indicadores de ocupación por comunidades autónomas**

Todas as comunidades autónomas aumentan o emprego no sector servizos no mes de novembro. Os maiores incrementos danse en Cantabria (4,0%) e Murcia (3,8%). As comunidades onde menos crece a ocupación son Extremadura (1,3%) e Castilla y León (1,8%).

No acumulado no ano, os maiores crecementos danse en Murcia (4,7%) e Illes Balears (3,9%), mentres que en Andalucía (1,6%) e Castilla y León e País Vasco (ambas as dúas 2,0%) rexístranse as taxas máis baixas.

## Índices de persoal ocupado. Novembro 2017

### Taxas de variación en %



### Notas metodolóxicas

Cifra de negocios: comprende os importes facturados pola empresa pola prestación de servizos e venda de bens que son obxecto do tráfico da empresa, incluídos os realizados por subcontratación. Contabilízanse incluíndo os impostos que gravan os bens e servizos coa excepción do IVE repercutido ao cliente.

Persoal ocupado: É o número total de persoas que traballan na empresa; inclúe o persoal remunerado, persoal que non percibe unha remuneración fixa ou salario (proprietarios que traballan na empresa e axudas familiares), persoal facilitado polas empresas de traballo temporal y traballadores autónomos dependentes con contrato non laboral.

Valor engadido bruto: Para cada unidade dedicada a unha actividade produtiva, é a diferenza entre a produción e os consumos intermedios. Valórase a prezos básicos, que son os prezos que os produtores reciben dos compradores restando calquera imposto que se pague e sumando calquera subvención que se reciba.

Os indicadores constrúense a partir dos microdatos dos Indicadores de actividade do sector servizos subministrados polo INE.

Os índices son provisionais polo que poden modificarse nos meses seguintes.



## Anexo cadros

Cadro 1. Índices de cifra de negocios. Novembro 2017

	ÍNDICE	VARIACIÓN (%)	
		INTERANUAL	NO QUE VAI DE ANO
<b>Galicia</b>			
<b>Xeral</b>	<b>122,8</b>	<b>8,5</b>	<b>8,4</b>
<b>Comercio</b>	<b>127,9</b>	<b>9,4</b>	<b>9,6</b>
Venta e reparación de vehículos de motor	97,1	-2,3	-4,6
Comercio por xunto	146,9	13,1	12,9
Comercio ao retalho	101,2	2,8	4,3
<b>Outros servizos</b>	<b>105,6</b>	<b>5,5</b>	<b>4,7</b>
Transporte	119,9	7,9	2,9
Hostalería	84,8	1,8	7,3
Información e comunicacións	91,7	6,7	3,9
Actividades profesionais, científicas e técnicas	94,3	-2,5	4,9
Actividades administrativas e servizos auxiliares	141,8	10,7	7,3
<b>España</b>			
<b>Xeral</b>	<b>111,6</b>	<b>7,7</b>	<b>6,5</b>
<b>Comercio</b>	<b>113,5</b>	<b>8,0</b>	<b>6,7</b>
Venta e reparación de vehículos de motor	132,1	12,8	9,9
Comercio por xunto	117,5	8,7	7,9
Comercio ao retalho	100,3	4,8	3,6
<b>Outros servizos</b>	<b>108,1</b>	<b>7,0</b>	<b>6,2</b>
Transporte	118,4	8,1	6,6
Hostalería	98,4	3,9	5,2
Información e comunicacións	102,2	2,7	3,2
Actividades profesionais, científicas e técnicas	114,4	11,9	9,7
Actividades administrativas e servizos auxiliares	103,0	7,3	5,8

Fonte: IGE. Elaboración propia a partir dos datos suministrados polo INE

Cadro 2.- Índices de cifra de negocios ponderada por VEB. Novembro 2017

	ÍNDICE	VARIACIÓN (%)	
		INTERANUAL	NO QUE VAI DE ANO
<b>Galicia</b>			
Xeral	112,9	7,1	7,9
Comercio	121,6	8,8	9,0
Transporte	141,9	13,7	8,6
Hostalería	85,8	2,2	7,8
Información e comunicacións	89,0	6,9	4,9
Actividades profesionais, científicas e técnicas	107,0	-3,4	5,6
Actividades administrativas e servizos auxiliares	135,4	9,3	6,2

Fonte: IGE. Elaboración propia a partir dos datos suministrados polo INE

**Cadro 3. Índices de cifra de negocios por comunidades autónomas.  
Novembro 2017**

	ÍNDICE	VARIACIONES (%)	
		INTERANUAL	NO QUE VAI DE ANO
<b>ESPAÑA</b>	<b>111,6</b>	<b>7,7</b>	<b>6,5</b>
Andalucía	104,8	5,8	4,8
Aragón	115,0	5,7	4,5
Asturias	100,4	5,9	4,3
Baleares, Illes	97,3	9,4	5,7
Canarias	117,2	6,0	4,4
Cantabria	105,6	8,7	6,5
Castilla y León	105,4	4,2	3,3
Castilla-La Mancha	110,4	8,2	8,1
Cataluña	113,5	7,4	6,3
Comunitat Valenciana	115,7	8,5	7,3
Extremadura	106,0	5,6	3,5
<b>GALICIA</b>	<b>122,8</b>	<b>8,5</b>	<b>8,4</b>
Madrid	112,2	9,7	8,4
Murcia	113,1	6,7	5,1
Navarra	107,9	7,8	9,8
País Vasco	111,8	5,8	4,5
Rioja, La	120,8	7,5	6,2

Fonte: INE

Cadro 4. Índices de persoal ocupado. Novembro 2017

	ÍNDICE	VARIACIÓN (%)	
		INTERANUAL	NO QUE VAI DE ANO
<b>Galicia</b>			
<b>Xeral</b>	<b>100,3</b>	<b>2,6</b>	<b>2,3</b>
<b>Comercio</b>	<b>96,7</b>	<b>1,7</b>	<b>2,0</b>
Venta e reparación de vehículos de motor	84,0	-0,2	-0,6
Comercio por xunto	95,3	3,6	3,7
Comercio ao retallo	100,1	1,1	1,7
<b>Outros servizos</b>	<b>103,4</b>	<b>3,2</b>	<b>2,5</b>
Transporte	99,3	0,5	0,8
Hostalería	94,8	3,8	3,2
Información e comunicacións	90,0	2,5	1,8
Actividades profesionais, científicas e técnicas	102,3	4,3	1,1
Actividades administrativas e servizos auxiliares	123,9	4,4	4,8
<b>España</b>			
<b>Xeral</b>	<b>103,7</b>	<b>2,5</b>	<b>2,6</b>
<b>Comercio</b>	<b>102,4</b>	<b>2,1</b>	<b>2,2</b>
Venta e reparación de vehículos de motor	94,1	2,7	2,3
Comercio por xunto	107,6	2,8	2,9
Comercio ao retallo	100,7	1,5	1,7
<b>Outros servizos</b>	<b>104,6</b>	<b>2,7</b>	<b>2,8</b>
Transporte	102,1	3,0	2,8
Hostalería	101,1	1,8	2,5
Información e comunicacións	101,1	2,8	2,3
Actividades profesionais, científicas e técnicas	101,1	1,7	1,8
Actividades administrativas e servizos auxiliares	115,4	4,3	4,3

Fonte: IGE. Elaboración propia a partir dos datos subministrados polo INE

**Cadro 5. Índices de persoal ocupado por comunidades autónomas.  
Novembro 2017**

	ÍNDICE	VARIACIÓN (%)	
		INTERANUAL	NO QUE VAI DE ANO
<b>ESPAÑA</b>	<b>103,7</b>	<b>2,5</b>	<b>2,6</b>
Andalucía	100,7	2,0	1,6
Aragón	102,2	3,1	3,1
Asturias	95,7	2,0	2,1
Baleares, Illes	99,2	3,2	3,9
Canarias	109,3	3,0	3,1
Cantabria	104,5	4,0	3,7
Castilla y León	98,6	1,8	2,0
Castilla-La Mancha	101,9	2,1	2,4
Cataluña	108,1	2,8	3,1
Comunitat Valenciana	106,4	2,2	2,6
Extremadura	103,7	1,3	2,4
<b>GALICIA</b>	<b>100,3</b>	<b>2,6</b>	<b>2,3</b>
Madrid	101,1	2,2	2,2
Murcia	112,1	3,8	4,7
Navarra	109,3	3,5	3,7
País Vasco	104,8	2,1	2,0
Rioja, La	109,4	3,1	3,5

Fonte: INE